



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.dicoruna.es

DECRETO APROBACIÓN BASES CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, A XORNADA COMPLETA, TRACTORISTA PROGRAMA APROL-RURAL 2018.

Don Antonio Negreira Noya, Alcalde – Presidente do Concello de Val do Dubra, na Provincia de A Coruña

Vista a Orde do 31 de decembro de 2017 publicada no DOG nº 26 do 06 de febreiro de 2018, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol- Rural) e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2018.

Vista a Resolución de concesión da Consellería de Economía, Emprego e Industria para a contratación dun tractorista para o servizo de Limpeza de montes.

RESOLVO:

Primeiro: Aprobar a convocatoria do proceso de selección de un tractorista para o servizo de Limpeza de montes (Programa Aprol-Rural 2018).

Segundo: Aprobar as bases, que se transcriben a continuación:

“BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, A XORNADA COMPLETA, TRACTORISTA

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O obxecto das presentes bases é proceder á contratación dun tractorista, a xornada completa, mediante o sistema de concurso-oposición. Esta contratación realizarase na modalidade de “contrato de traballo temporal de interese social”, ao abeiro da normativa contida no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, así como no Real Decreto 2720/1998, de 18 decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada.

A devandita contratación realizase con base á subvención concedida ao abeiro da Orde do 31 de decembro de 2017(DOG núm. 26 do 06/02/2018) pola que se regulan as axudas e subvencións para o fomento no medio rural (Aprol Rural).

SEGUNDA.-RÉXIME XURÍDICO. *O proceso selectivo regularase polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, ou en aquilo que as contradiga, será de aplicación o establecido nas seguintes disposicións, así como no resto de disposicións que resulten aplicables:*

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local;
- Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público;
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia;
- Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Val do Dubra, naturalmente



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bemibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.dicoruna.es

- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local;
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local;
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do Estado.
- Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ao aspirante que resulte nomeado seranlle de aplicación as previsións que establece a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (no que lle resulten aplicables); e o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro.

TERCEIRA.- DURACIÓN.

O período de contratación terá unha duración de nove (9) meses.

CUARTA.- XORNADA DE TRABALLO.

A xornada ordinaria de traballo será de trinta e sete horas e media (37,5) semanais.

QUINTA.- RETRIBUCIÓN SALARIAIS MENSUAIS ÍNTEGRAS.

Salario Bruto de: 907,08€.

SEXTA.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

Para participar nas probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, referidos todos e cada un deles á data de presentación da oferta, e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

- a) Ter a nacionalidade española, ou algunha outra que consonte ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.
- b) É obrigatorio estar en posesión do carnet de conducir B e C1.
- c) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada. No caso de nacionais doutros estados, no estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria o equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.
- d) Ter cumpridos os 18 anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- f) Estar inscrito como desempregado no Servizo Público de Emprego de Galicia.
- g) Os traballadores e as traballadoras que foran contratados por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2017 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, **NON PODERÁN SER CONTRATADOS** con cargo ás axudas previstas nesta orde.
- h) Terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se for o caso, aqueles que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como:

- a) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.

Val do Dubra, naturalmente



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.dicoruna.es

- b) Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- c) Persoas paradas de longa duración.
- d) Persoas con discapacidade.
- e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, o/a parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

Todos os requisitos anteriores deberán terse en conta no proceso selectivo. E serán verificados antes da contratación por parte do tribunal de selección encargado.

SETIMA.- PUBLICIDADE

As bases de selección publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e na Páxina web do concello. O resto de anuncios relativos a este procedemento selectivo difundiránse mediante a súa publicación no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

OITAVA. TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

O tribunal estará composto polos seguintes membros:

Presidente/a: M.^a Inés Iglesias Pensado

Vogais:

- Ricardo Iglesias Pensado, traballador do Concello de Val do Dubra.

- Benigno Garcia Rey, traballador do Concello de Val do Dubra.

- Jesús Carlos Nieto Vilas, traballador do Concello de Val do Dubra.

Secretaria: Ana Calviño Canedo, traballadora do Concello de Val do Dubra.

A súa composición axustarase os principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, sendo preciso en todo caso a asistencia do presidente e do secretario.

Deberán posuír titulación igual ou superior á esixida aos aspirantes como requisito para participar na convocatoria, e non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, debendo estar presentes o/a Presidente/a e o Secretario/a en todo caso.

NOVENA.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o de Concurso-Oposición.

5.1- Fase de Concurso:

Formación específica/complementaria relacionada, ata un máximo de 2 puntos.

- Cunha duración inferior a 15 horas: 0,15 puntos.
- Cunha duración de 15 a 50 horas: 0,25 puntos.
- Cunha duración de 51 a 100 horas: 0,50 puntos.
- Cunha duración de 101 a 200 horas: 1 punto.
- Cunha duración de 201 a 300 horas: 1,5 puntos.
- Cunha duración superior a 301 horas: 2 puntos.

5.2 Fase de oposición: Os/as interesados presentaranse no lugar, día e hora, fixados pola Oficina de Emprego aos efectos de levar a cabo os seguintes exercicios:

Val do Dubra, naturalmente



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.dicoruna.es

- Primeiro exercicio de carácter obrigatorio : Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test de 20 preguntas e 5 de reserva. Disporán de un período de 60 minutos. Cada pregunta acertada terá unha puntuación de 0,5 puntos. A puntuación máxima neste exercicio será de 10 puntos.
- Segundo exercicio de carácter obrigatorio: Consistirá na realización dunha proba que determine os membros do Tribunal sobre a condución de máquinas (tractores e palas). O tempo para a realización deste exercicio será, como máximo, de 20 minutos. A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, debéndose obter unha puntuación mínima de 5 puntos para superalo, correspondendo ao tribunal determinar cal é o número de coñecementos necesarios para alcanzar o 5.
- Terceiro exercicio, PROBA DE GALEGO. Os/as aspirantes que non acrediten estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requerido (Celga 2 ou equivalente).

DÉCIMA- PUBLICACIÓN.-

Rematado os exercicios, o Tribunal publicará a relación de aprobados por orde de puntuación. A persoa que consiga maior puntuación será proposta ao Presidente da Corporación para que faga o nomeamento e se formalice o contrato. Non se poderá propoñer a máis persoas das prazas convocadas.

UNDÉCIMA- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.-

A formalización do contrato terá lugar en canto o interesado presente a documentación pertinente:

- Fotocopia D.N.I
- Fotocopia dos carnets esixidos.
- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, CCAA ou Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- Informe médico que xustifique que o aspirante ten aptitude física para realizar as tarefas do posto de traballo.
- Celga 2 ou equivalente.
- Xustificante da Conta Bancaria.

Establecerase un período de proba de 15 días, conforme o artigo 14 do Estatuto dos Traballadores. Transcorrido este período se a persoa da que se trata o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.

No non previsto nas presentes bases, será de aplicación o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e demais lexislación complementaria que resulte de aplicación.

DUODÉCIMA.- RECURSOS.-

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos dimane destas, poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e coa forma que se prevé na Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

DÉCIMOTERCERA.- PROTECCIÓN DE DATOS.-

De acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal incorporándose nun ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Val do Dubra, onde poderá exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, e no seu caso, o de oposición dirixindo á Secretaría solicitude asinadas por escrito xunto cunha fotocopia do DNI.

Mediante a participación no referido proceso, os titulares consintan o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal , o rexistro de solicitudes de candidatos, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de espera.

Asimesmo, os participantes prestan o seu consentimento para rque os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios deste Concello aos

Val do Dubra, naturalmente



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.dicoruna.es

efectos de dar publicidade a esixida ó procedemento de contratación, aos representantes dos traballadores, así como aquelas cesións autorizadas nunha forma non rango de Lei”.

ANEXO I

TEMA 1- Normas xerais de comportamento na circulación. Transporte de persoas, mercancías e cousas.

TEMA 2- Circulación de vehículos. Sentido de circulación. Límites de velocidade. Sinalización de obras nas vías públicas.

TEMA 3- Incorporación á circulación. Cambios de sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Utilización do alumeado.

TEMA 4- Os motores dos automóviles. Tipos. Alimentación e o acendido. A distribución e a lubricación. A refrixeración.

TEMA 5- O motor diesel.

TEMA 6- A transmisión. A suspensión. A dirección. Os freos.

TEMA 7- Compoñentes e funcións das pezas básicas que conforman un tractor. Compoñentes e funcións dos distintos apeiros do tractor.

TEMA 8- Compoñentes e funcións das pezas básicas que conforman unha máquina escavadora.

TEMA 9- Seguridade viaria. Sinalización e balizamento das obras que se executen en vías públicas. Consellos e normas de seguridade viaria.

TEMA 10- O Concello de Val do Dubra: realidade socioeconómica. A organización municipal no concello de Val do Dubra.

TEMA 11- Equipos de protección individual. Obrigados traballadores en materia de prevención de riscos.

TEMA 12- Tipos de Chan. Características do terreo. Dureza, cohesión, exponxamento e compacidade.

Val do Dubra, 30 de maio de 2018

O alcalde”

Asinado polo Alcalde- Presidente Antonio Negreira Noya, no Concello de Val do Dubra, na data que figura a marxe da presente notificación.

Val do Dubra, naturalmente